GUÍA DIDÁCTICA

Áreas implicadas

Lingua galega e literatura. A segunda secuencia pode conectar con contidos de Xeografía e historia (Causas do desenvolvemento desigual no mundo) e de Valores éticos (Riscos de democracias que violen os dereitos humanos. Xustificación das normas xurídicas).

Nivel

3º da ESO

Tema e contextualización da proposta

1. Secuencia *Pensa por ti*
Elaboración de videotitoriais con claves para a análise crítica das mensaxes discriminatorias e prexuizosas dos medios de comunicación e difusión. Preténdese que este exitoso xénero textual sirva para que o alumnado, desde unha oralidade minimamente formal, repense os discursos sociais asumidos.

2. Secuencia *Pór dereito*
Composición de folletos con propostas de mellora das normas legais básicas referentes aos dereitos humanos frustrados: vivenda, emprego, servizos sociais ou inmigración. Proponse revisar criticamente os dereitos humanos para inserir concrecións que puidesen estear mellor os dereitos. Nas sociedades occidentais e, en xeral, no mundo, son moitos os dereitos recoñecidos universalmente que soen frustrarse para a cidadanía. Non só porque non se poñen os medios económicos para facelos efectivos, senón porque contamos con lexislación marco que non soe pasar das declaracións de intencións. Trátase de sermos quen de percibir as necesidades para acadar unha vida digna para tod@s e de enunciar artigos que concreten as medidas que se consideren máis acaídas para garantir vivenda, emprego ou servizos sociais de calidade.

3. Secuencia *Como a vida mesma*
Traslación á crónica xornalística dos sucesos da literatura de circunstancias das etapas abordadas en 3º ESO. Trátase de producir relatos en forma de crónica baseándonos nos sucesos que recolle a literatura dos séculos XVI-XIX para compoñer unha revista dixital.
A crónica de sucesos é un xénero que permite profundar na narración xornalística desde a literatura. E hai episodios nas composicións das etapas traballadas neste nivel que se prestan a ser "cronificados" segundo as pautas deste xénero mixto. Podemos tamén así traballar a historia da literatura desde unha óptica temático-formal, apreciando constantes e especificidades.

4. Secuencia *Máis que protesta*
Elaboración de reportaxes sobre as necesidades da nosa vila, barrio ou parroquia, para contribuír a dar voz ás demandas existentes. Permite establecer conexión cos movementos sociais para a aprendizaxe servizo. Intégrase a literatura para tratar o papel social dos e das creadoras.

Obxectivos didácticos

1. Secuencia *Pensa por ti*
- Elaborar videotitoriais, previa planificación e de acordo cuns criterios establecidos.
- Identificar, coñecer e empregar os trazos e recursos lingüísticos propios dos videotitoriais para compoñer o texto final.
- Desenvolver usos lingüísticos apropiados e precisos.
- Empregar as TIC para a planificación, textualización, revisión e difusión das producións.
- Encamiñar a participación activa e con actitude colaborativa e responsable nas tarefas.

- Usar estratexias para conseguir a obxectividade e a precisión necesarias nos textos expositivos.
- Fomentar a revisión e mellora axeitada dos textos creados de acordo con determinados criterios.

2. Secuencia *Pór dereito*
    - Elaborar folletos con normas legais, previa planificación e de acordo cuns criterios establecidos.
    - Identificar, coñecer e empregar os trazos e recursos lingüísticos propios das normas legais para compoñer o texto final.
    - Desenvolver usos lingüísticos apropiados e precisos.
    - Empregar as TIC para a planificación, textualización, revisión e difusión das producións.
    - Encamiñar a participación activa e con actitude colaborativa e responsable nas tarefas.
    - Usar estratexias para conseguir a obxectividade e a precisión necesarias nos textos legais.
    - Fomentar a revisión e mellora axeitada dos textos creados de acordo con determinados criterios.

3. Secuencia *Como a vida mesma*
    - Elaborar crónicas xornalísticas, previa planificación e de acordo cuns criterios establecidos.
    - Identificar, coñecer e empregar os trazos e recursos lingüísticos propios das crónicas para compoñer o texto final.
    - Desenvolver usos lingüísticos apropiados e precisos.
    - Empregar as TIC para a planificación, textualización, revisión e difusión das producións.
    - Encamiñar a participación activa e con actitude colaborativa e responsable nas tarefas.
    - Usar estratexias para conseguir combinar obxectividade e valoración nos xéneros xornalísticos mixtos.
    - Fomentar a revisión e mellora axeitada dos textos creados de acordo con determinados criterios.

4. Secuencia *Máis que protesta*
    - Elaborar reportaxes, previa planificación e de acordo cuns criterios establecidos.
    - Identificar, coñecer e empregar os trazos e recursos lingüísticos propios das reportaxes para compoñer o texto final.
    - Desenvolver usos lingüísticos apropiados e precisos.
    - Empregar as TIC para a planificación, textualización, revisión e difusión das producións.
    - Encamiñar a participación activa e con actitude colaborativa e responsable nas tarefas.
    - Usar estratexias para conseguir combinar obxectividade e valoración nos xéneros xornalísticos mixtos.
    - Fomentar a revisión e mellora axeitada dos textos creados de acordo con determinados criterios.

Outros aspectos curriculares (Contidos e competencias):

1. Secuencia *Pensa por ti*
    - Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.
    - Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
    - Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.

- Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.
- A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.
- Os prexuízos lingüísticos.
- Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

2. Secuencia *Pór dereito*
- Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.
- Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
- Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta)
- Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.
- Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.
- Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.
- Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).
- Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

3. Secuencia *Como a vida mesma*
- Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.
- Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.
- Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
- Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto

polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

4. Secuencia *Máis que protesta*

- Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores.
- Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

Metodoloxía

Estes materiais son froito dunha aposta por un modelo didáctico na liña traballo por proxectos, baseado na construción de coñecemento dentro dun proceso de elaboración de xéneros textuais vehiculado a través de tarefas conectadas. Preténdese que o alumnado sexa axente activo da súa aprendizaxe ao planificar, pescudar, procurar, tratar e reelaborar información, elaborar textos para o uso social e traballar cooperativamente.

As propostas de produción parten dun reto, desenvólvense a través dun itinerario (fases e actividades para cada unha delas) e dispoñen de recursos e apoios. Non se trata, logo, tanto de ofrecer contidos como de posibilitar o avance no desenvolvemento de destrezas.

Esa procura do protagonismo do alumnado e do desenvolvemento da reflexión non se limita á composición de produtos finais ou intermedios. Tamén é a causa de propoñer nalgunhas secuencias a extracción de características textuais ou a composición de infografías por parte do alumnado a partir dunha serie de imaxes escollidas, no canto de ofrecer a información directamente.

Consecuentemente, o modo de traballo predominante é en pequenos grupos. Só en certas actividades se recomenda, tal como se indica, o labor individual ou en parellas.

Orientacións didácticas

Os proxectos ou secuencias seguen unhas fases constantes. Son as seguintes:

1. *Conectad@s?* Activación e motivación desde as emocións. Cómpre ter en conta as ideas previas e valorar a produción inicial para axustar o labor. Así mesmo, é importante negociar co alumnado a orientación do proxecto (como perfilar o xénero?, como valorar o labor?, etc.) para que a implicación e o sentido do que haberá que facer sexan máximos.
2. *Situámonos*. Traballo coa información. Para iso, débese orientar a planificación da tarefa de procura e escolla e ampliar as técnicas de traballo e análise do contido, así como as estratexias de comprensión. Sería interesante aquí especialmente achegar cuestións breves previas ás lecturas, cuestións clave durante a lectura e cuestións finais de extracción, inferencia ou valoración.

Contémplanse fontes orais e multimedia, das que se achega transcrición só no caso de ter que evitar o audio.
3. *Con sentido*. Manexo da información: recollela e incorporala. Cumprirá desenvolver destrezas no tratamento da información e realizar unha parada para reflexionar e extraer conclusións (relato da aprendizaxe).
4. *Obradoiro de comunicación*. Desenvolvemento das habilidades lingüísticas esixidas polo xénero textual. Reflexiónase sobre os usos en textos reais modelo: trazos do xénero textual e cuestións gramaticais asociadas.
5. *Temos a palabra*. Planificación do produto e textualización. Inclúese de xeito máis ou menos específico a fixación e ampliación do léxico do ámbito traballado.
6. *A lingua precisa*. Corrección dos borradores. Será preciso revisar as propiedades textuais e aplicar estratexias de mellora.
7. *O que damos de nós*. Exposición e difusión do traballo realizado, ben sexa unha recompilación de producións intermedias, ben sexa o produto final. Reflexionarase tamén sobre a aprendizaxe e realizarase a avaliación final.

Actividades propostas

Combínanse tarefas iniciais de sensibilización cara ao tema e de activación de coñecementos previos, tarefas que esixen manexar información, tarefas de reflexión sobre a lingua e tarefas de produción textual.

Pensa por ti (creación de videotitorial para detectar usos discriminatorios e prexuizosos)

Conectad@s?	Reflexión sobre multimedia	1. Exploración.
	Dinámica oral e creación	2. De acordo ou en desacordo. 3. Un chío.
	Negociación regulada do proxecto	4. Acordando o labor.
Situámonos	Técnicas de traballo e análise do contido	5. As consecuencias. 6. Que é o discurso do odio?
	Estratexias de comprensión textual	7. Os límites da liberdade.
	Plan de procura e escolla das fontes	8. A procura.
Con sentido	Destrezas no tratamento da información	9. Información, opinión e discriminación. 10. Prexuízos lingüísticos.
	Recolleita e incorporación da información	11. Asociación de acentos.
	Relato da aprendizaxe	12. Relato da aprendizaxe.
Obradoiro	Extracción dos trazos do xénero e tipo	13. As respostas. 14. Vídeos para expoñer. 15. Procedementos explicativos. 16. Textos cohesionados. 17. Recursos de composición do vídeo.
	Cuestións gramaticais asociadas	18. Fonética e fonoloxía.
Temos a palabra	Planificación do produto final	19. Previo.
	Textualización Fixación ampliación léxico	20. Guión literario. 21. Guión técnico.
A lingua precisa	Corrección a partir de claves de mellora	22. revisión global.
	Revisión das propiedades textuais	23. Ensaio e gravación.
O que damos de nós	Publicación e difusión do produto. Proxección?	24. Edición e presentación do vídeo.
	Avaliación final, reflexión sobre aprendizaxe	25. Grella e cuestionario.

Pór dereito (composición de folletos con regulamentos reelaborados e propostas de acción)

Conectad@s?	Reflexión sobre multimedia	1. As causas das cousas.
	Dinámica oral e creación	2. Dereitos para tod@s.
	Negociación regulada do proxecto	3. Acordando o labor.
Situámonos	Técnicas de traballo e análise do contido	4. Posta en común das normas da aula. 5. Organizando dereitos.
	Estratexias de comprensión textual	6. Mapa de dereitos
	Plan de procura e escolla das fontes	7. Dereitos reclamados.
Con sentido	Destrezas no tratamento da información	8. Información relevante. 9. Graficamente.
	Recolleita e incorporación da información	10. As estruturas. 11. Banco de propostas.
	Relato da aprendizaxe	12. Relato da aprendizaxe.
Obradoiro	Extracción dos trazos do xénero e tipo	13. Xéneros institucionais. 14. A comunicación institucional. 15. Os regulamentos.
	Cuestións gramaticais asociadas	16. Procedementos para crear palabras: a derivación.
Temos a palabra	Fixación ampliación léxico	17. Léxico da solidariedade.
	Planificación do produto final	18. Convite para unha xuntanza. Plan de acción.
	Textualización	19. Que conste en acta.
A lingua precisa	Corrección a partir de claves de mellora	20. Revisión global
	Revisión das propiedades textuais	21. Da estrutura e da linguaxe institucional
O que damos de nós	Publicación e difusión do produto.	22. Composición do folleto.
	Avaliación final, reflexión sobre aprendizaxe	23. Avaliación do traballo e da secuencia.

Como a vida mesma (traslación da literatura á crónica xornalística)		
Conectad@s?	Reflexión sobre multimedia	1. Na historia recente.
	Dinámica oral e creación	2. Voz en off.
	Negociación regulada do proxecto	3. Acordando o labor.
Situámonos	Técnicas de traballo e análise do contido	4. Na historia da literatura.
	Estratexias de comprensión textual	5. Comprendendo os textos. 6. Os recursos literarios.
	Plan de procura e escolla das fontes	7. Como foi?
Con sentido	Destrezas no tratamento da información	8. Ligazóns.
	Recolleita e incorporación da información	9. Secuencia temporal.
	Relato da aprendizaxe	10. Relato da aprendizaxe.
Obradoiro	Extracción dos trazos do xénero e tipo	11. Reconstrución dunha crónica. 12. Trazos da crónica. 13. Con subxectividade.
	Cuestións gramaticais asociadas	14. Temporalidade. 15. Funcións sintácticas e unidades.
Temos a palabra	Fixación ampliación léxico	16. Léxico dos acontecementos.
	Planificación do produto final Textualización	17. Con recursos poéticos. 18. En borrador.
A lingua precisa	Corrección a partir de claves de mellora	19. revisión global.
	Revisión das propiedades textuais	20. Coherencia.
O que damos de nós	Publicación e difusión do produto.	21. Composición do xornal ou da revista dixital.
	Avaliación final, reflexión sobre aprendizaxe	22. Grella e cuestionario.

Máis que protesta (elaboración de reportaxes sobre demandas do contorno)		
Conectad@s?	Reflexión sobre multimedia	1. Desde a mina.
	Dinámica oral e creación	2. Mapa de conflitos.
	Negociación regulada do proxecto	3. Acordando o labor.
Situámonos	Técnicas de traballo e análise do contido	4. Bases da protesta na literatura do XIX.
	Estratexias de comprensión textual	5. A nosa escolla. 6. Obradoiro no tempo.
	Plan de procura e escolla das fontes	7. Contactos co contorno.
Con sentido	Destrezas no tratamento da información	8. Rexistrando a opinión.
	Recolleita e incorporación da información	9. De entrada.
	Relato da aprendizaxe	10. Relato da aprendizaxe.
Obradoiro	Extracción dos trazos do xénero e tipo	11. Cales son reportaxes? 12. Da noticia á reportaxe. 13. Os trazos da reportaxe. 14. Fotodenuncia. 15. Integración de citas e información. 16. Análise dunha reportaxe.
	Cuestións gramaticais asociadas	17. Un discurso persoal. 18. A puntuación: recurso de cohesión.
Temos a palabra	Fixación ampliación léxico	19. Para reivindicar.
	Planificación do produto final	20. Preparación do borrador.
	Textualización	21. Redacción por partes.
A lingua precisa	Corrección a partir de claves de mellora	22. Revisión global.
	Revisión das propiedades textuais	23. Profundo pero non complexo.
O que damos de nós	Publicación e difusión	24. Coavaliación. 25. Publicación dos textos.
	Avaliación final, reflexión sobre aprendizaxe	26. Grella e cuestionario.

Recursos de avaliación

a) Estándares e indicadores

1. Secuencia *Pensa por ti*

- Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de diferentes mensaxes (intervencións nas redes, novas, etc.).
- Comprende e interpreta textos xornalísticos.
- Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.
- Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións.
- Reflexiona sobre as mensaxes e recoñece e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.
- Participa activamente nas interaccións, respecta as regras, manifesta as súas opinións e atende as dos demais.
- Avalía atinadamente as intervencións propias e alleas.
- Respecta as quendas de palabra, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.
- Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
- Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.
- Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a súa presenza nas prácticas lingüísticas.
- Colabora co grupo e interésase por avanzar.
- Participa na procura e tratamento da información e sabe manexala.
- Resolve con acerto as actividades de análise e reflexión lingüística propostas.
- Contribúe na elaboración do guión e na súa mellora.
- Intervén coordinadamente e axusta a locución.

- Coavalía con criterio e autoavalíase.

2. Secuencia *Pór dereito*
- Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de textos expositivos.
- Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
- Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.
- Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.
- Produce, en formato papel ou dixital, actas e regulamentos segundo os modelos propostos na aula.
- Participa activamente nas interaccións, respecta as regras, manifesta as súas opinións e atende as dos demais.
- Avalía atinadamente as intervencións propias e alleas.
- Respecta as quendas de palabra, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.
- Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.
- Colabora co grupo e interésase por avanzar.
- Participa na procura e tratamento da información e sabe manexala.
- Resolve con acerto as actividades de análise e reflexión lingüística propostas.
- Contribúe na planificación dos textos e na súa mellora.
- Coavalía con criterio e autoavalíase.

3. Secuencia *Como a vida mesma*
- Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual.
- Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos.
- Usa as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.
- Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan.
- Comprende e identifica as características da literatura galega da Idade Moderna e do Rexurdimento.
- Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega para a súa lectura.
- Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega, sinala os seus trazos característicos e relaciónaos co contexto.
- Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos e trazos en relación co contexto.
- Participa activamente nas interaccións, respecta as regras, manifesta as súas opinións e atende as dos demais.
- Avalía atinadamente as intervencións propias e alleas.
- Respecta as quendas de palabra, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.
- Colabora co grupo e interésase por avanzar.
- Participa na procura e tratamento da información e sabe manexala.
- Resolve con acerto as actividades de análise e reflexión lingüística propostas.
- Contribúe na planificación dos textos e na súa mellora.
- Coavalía con criterio e autoavalíase.

4. Secuencia *Máis que protesta*
- Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente reportaxes.
- Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, reportaxes axeitadas.
- Utiliza as TIC para intercambiar opinións sobre escritos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs e redes sociais.
- Revisa os textos para puntuar correctamente.
- Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas.
- Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos representativos da literatura galega ata 1916.
- Participa con proveito de audicións de textos representativos da literatura galega ata 1916 e escribe argumentadamente sobre aspectos literarios básicos destes.
- Participa activamente nas interaccións, respecta as regras, manifesta as súas opinións e atende as dos demais.
- Avalía atinadamente as intervencións propias e alleas.
- Respecta as quendas de palabra, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.
- Colabora co grupo e interésase por avanzar.
- Participa na procura e tratamento da información e sabe manexala.
- Resolve con acerto as actividades de análise e reflexión lingüística propostas.
- Contribúe na planificación dos textos e na súa mellora.
- Coavalía con criterio e autoavalíase.

b) Instrumentos

O apartado "O que damos de nós" inclúe unha grella de autoavaliación e na fase anterior achégase unha rúbrica de auto ou de coavaliación.
Alén diso, boa parte das actividades conectan directamente coas adxacentes, de xeito que se impulsa unha avaliación formativa durante o proceso, que culmina na tarefa final.
En todo caso, podería engadirse unha autoavaliación por bloques de actividades con criterios máis específicos (como: *Ben, comprendín …*, etc.; ou ben *Vou ben?*, *Que aspectos quedaron confusos?...*), o que implicaría realizar paradas para reflexionar.
Ao final ofrécese, ademais, un cuestionario dirixido á valoración da secuencia por parte do alumnado, cuestión importante para a súa posterior adecuación e mellora.